

## Inaugúrase a Sección de Literatura Dramática cunha xornada sobre Teatro Nacional

WRITTEN BY REDACCIÓN

VENRES, 04 NOVEMBRO 2016 20:58



Mañá sábado 5 de novembro no Quiosco Afonso da Coruña, inaugurarase a Sección de Literatura Dramática da Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega (AELG) e celebrarase unha xornada titulada Literatura Dramática e Teatro Nacional. A coordinación corre a cargo de Afonso Becerra de Becerreá, Vogal de Literatura Dramática da AELG.

Ás 12.00 h. celebrarase un encontro-asemblesa das dramaturgas e dramaturgos que forman parte da AELG, así como doutras persoas non pertencentes á AELG que estean interesadas neste ámbito artístico e literario. Neste encontro abordarase a literatura Dramática galega na actualidade.

Pola tarde, no mesmo lugar ás 18.00 h., Xavier Alberti, un dos artistas más destacados do teatro catalán, ademais de dirixir o Teatre Nacional de Catalunya, ofrecerá aos asistentes a clase magistral titulada O proxecto artístico dun Teatro Nacional nunha nación sen estado e o papel da Literatura Dramática nese proxecto. Este acto está aberto ao público xeral até completar aforo.